



Dirección Xeral de Cooperación Exterior

# Informe 2006

de Cooperación Galega

**Dirección Xeral de Cooperación Exterior**

Informe 2006 de Cooperación Galega

XUNTA DE GALICIA



# : Índice : Índice : Índice : Índice

## **EDITA**

Dirección Xeral de Cooperación Exterior  
Presidencia. Xunta de Galicia

## **TEXTOS E COORDINACIÓN EDITORIAL**

Dirección Xeral de Cooperación Exterior

## **ASESORAMIENTO LINGÜÍSTICO**

Servizo de Tradución - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

## **FOTOGRAFÍAS**

Arquivo Dirección Xeral de Cooperación Exterior

**DESEÑO E MAQUETACIÓN** Octo Publicaciones **IMPRIME:** Deputación da Coruña **DEPÓSITO LEGAL:** C-475/2004

Agradecemento á Deputación Provincial da Coruña, que colaborou na impresión deste informe, polo seu firme compromiso na loita contra a desigualdade e as causas da pobreza.



# ce : Índice : Índice : Índice : Índice

Presentación: PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA	6
Prólogo: DIRECTORA XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR	8
01: Introducción MARCO XURIDICO PLAN ANUAL 2006 CIFRAS 2006	12
02: Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009	24
03: Proxectos e actuacións no exterior ÁFRICA AMÉRICA ASIA	28
04: Proxectos e actuacións en Galicia ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN CONSOLIDACIÓN E FORTALECEMENTO DOS AXENTES DE COOPERACIÓN	68
05: Outras actividades	78



# Presentación

*A cooperación galega, aínda que está a dar os seus primeiros pasos, mostra unha vitalidade que de seguro contribuirá, como xa o está a facer, a que miles de persoas saian da situación de empobrecemento na que viven. O noso obxectivo é pór a disposición dos pobos máis pobres do planeta a nosa experiencia histórica, os nosos valores e recursos para combater estas situacións de desigualdade, de xeito que se promova activamente o dereito a un desenvolvemento integral e sostible.*

*Cando hai un ano presentaba o anterior Informe de Cooperación Galega, referíame á necesidade de que Galicia se integrara definitivamente nunha comunidade internacional cada vez máis interrelacionada e referíame tamén á necesidade de aumentar o esforzo na procura dunha globalización na que a dignidade e o respecto polos dereitos humanos fosen a norma. Pois ben, un ano despois coído que coas actuacións levadas a cabo neste exercicio, Galicia contribuíu a tal propósito apostando por unha cooperación galega transformadora e recoñecida no mundo.*



*Como presidente da Xunta de Galicia sintome especialmente satisfeito pola aprobación unánime das tres forzas políticas presentes no Parlamento de Galicia do I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009 e da aprobación polo Consello da Xunta do Plan Anual 2006.*

*Dando cumprimento ao Plan Director estamos xa a traballar en países dos cinco continentes, financiando proxectos que apostan pola educación, a promoción da igualdade entre homes e mulleres, a mellora da cobertura sanitaria e o acceso a microcréditos. Somos punteiros en políticas de cooperación pesqueira, achegando todo o noso saber a aquelas comunidades que teñen na pesca un recurso co que poder alcanzar un grao aceptable de desenvolvemento.*

*Sabemos que o labor que queda por diante é moito e complexo. Por iso consideramos imprescindible o apoio non só dos actores do mundo da cooperación senón de todo o conxunto da sociedade, implicándose activamente neste imparabile proceso de cambio.*

*Dende o goberno galego estamos a traballar para que os galegos e galegas se poidan sentir orgullosos de que parte dos fondos públicos se invistan na loita contra as causas que xeran o empobrecemento e nesta liña quero reiterar o meu compromiso e o do meu goberno de incrementar progresivamente os orzamentos adicados á cooperación para o desenvolvemento.*

**Emilio Pérez Touriño**  
PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA



# Prólogo

*O ano 2006 constituíu un punto de inflexión nas políticas de cooperación para o desenvolvemento realizadas dende Galicia. O compromiso do Goberno galego coas políticas destinadas á loita contra a pobreza e as súas causas quedou reflectido no incremento do 40% no noso orzamento, sendo a Dirección Xeral de Cooperación Exterior o departamento da Xunta que experimentou un maior incremento orzamentario.*

*Outro dos fitos do ano foi, sen dúbida, a aprobación, co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, do I Plan Director da Cooperación Galega, que marca as directrices das actuacións a realizar en materia de cooperación ata o ano 2009. Este plan, elaborado coa participación de todo o sector da cooperación, incide especialmente na importancia de realizar unha política activa e integral de sensibilización e comunicación á sociedade galega sobre a necesidade e a realidade da súa cooperación, para lograr un máis sólido enraizamento dos valores e comportamentos solidarios. Fortalecer o sistema galego de cooperación e mellorar tanto a súa calidade técnica como*



*operativa é outra das directrices que marca este Plan, que establece tamén as prioridades xeográficas e sectoriais para os vindeiros anos.*

*As actuacións en materia de sensibilización ocuparon un lugar prioritario no 2006, guiadas pola necesidade de dar a coñecer as desigualdades do mundo e da interiorización da responsabilidade que como país desenvolvido temos sobre a situación dos pobos empobrecidos. Neste senso creamos a primeira páxina web de cooperación para o desenvolvemento, cunha clara vocación de información e intercambio das iniciativas de cooperación que se desenvolven dende Galicia, e traballamos conxuntamente coa Consellería de Educación para introducir na materia de Educación para a Cidadanía contidos relacionados co desenvolvemento. O traballo no eido da sensibilización viuse reforzado polo incremento orzamentario do 44% respecto ao ano 2005.*

*O fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación, cunha especial dedicación ás ONGD*



*galegas ou con presenza activa en Galicia, foi outra das nosas prioridades: formación, aumento da experiencia compartida, mellora técnica e operativa de todo o sector, maior esixencia cara á fixación realista pero ambiciosa de obxectivos; brindando todo o noso apoio a Coordinadora Galega de ONGDs coa que colaboramos activamente. Entramos tamén en contacto coas tres universidades para impulsar todas aquelas actividades formativas encamiñadas a crear persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento, como base para a consecución dun sector cada vez máis profesional.*

*A formación no eido da cooperación foi polo tanto outro dos nosos eixos de actuación o pasado ano. O número de bolsas ofertadas dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior para a formación de expertos en cooperación internacional duplicouse respecto ao ano anterior, ascendendo a oito bolseiros que actualmente reciben a súa formación no terreo e na nosa administración. Así mesmo, apoiamos as estadias que varios alumnos do Máster de Cooperación da*



*Universidade de Santiago realizaron como parte fundamental do seu proceso de aprendizaxe.*

*Durante o 2006 a Dirección Xeral de Cooperación Exterior apoiou a realización de 166 proxectos executados en 29 países polos diversos actores da cooperación galega, ONGD principalmente, e xunto a elas: universidades, empresas, sindicatos, e mesmo a propia administración. A defensa dos dereitos humanos, o acceso á educación e a sanidade, a mellora da situación das mulleres e a transferencia da tecnoloxía están entre os nosos principais obxectivos.*

*Neste ano 2007, que está a ser clave para a consolidación da nova cooperación que entre todas e todos estamos a construír, seguiremos traballando a prol dunha cooperación eficiente e eficaz, que contribúa a paliar as insostibles situacións nas que hoxe en día viven millóns de persoas en todo o mundo.*

**Fabiola Sotelo Sotelo**  
DIRECTORA XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR



# 01: Introducción

“Hoxe en día, o desenvolvemento é unha preocupación mundial que transcende as ideoloxías e os intereses inmediatos. É agora un reto tanto moral como político... que demostra que a estabilidade e a prosperidade son indivisibles.”

“A cooperación Sur- Sur debe ser máis que un lema... Debe ser non só unha fonte de solidariedade e fortaleza, senón tamén unha forza poderosa para o desenvolvemento”

**Kofi Annan**

EX-SECRETARIO XERAL DAS NAÇÕES UNIDAS

Nesta liña, e dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia temos o compromiso de apoiar o desenvolvemento dos pobos, recoñecendo os seus dereitos e liberdades, poñendo a énfase no Ser Humano como centro dos esforzos do desenvolvemento.



O desenvolvemento identifícase como un proceso de ampliación das capacidades e opcións das persoas. A través desta concepción preténdese desprazar o protagonismo excluínte da dimensión material do desenvolvemento, para converter o ser humano en protagonista e destinatario último do proceso de cambio.

## Marco xurídico

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o Desenvolvemento, supón a consolidación e a expresión da responsabilidade e madurez da sociedade civil galega e das súas institucións.

O Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento, CINCODE (Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento), CINTERCODE (Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento),

CONGACODE (Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento).

O Decreto 44/2006, do 2 de marzo, a partir do cal se estruturan os órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e se crea unha Dirección Xeral de Cooperación Exterior adscrita á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.

E é de obrigada mención o I Plan Director da Cooperación Galega para o desenvolvemento 2006-2009, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 24 de abril de 2006, de conformidade co establecido no artigo 15 da citada lei.

O I Plan Director da Cooperación Galega para o desenvolvemento fixa a **planificación estratéxica para os vindeiros 4 anos e as liñas principais recollidas**, que se articulan segundo dous criterios: o sectorial e o territorial. A especialización sectorial, ten como obxectivo fundamental a loita contra a pobreza e as súas causas. No ámbito territorial priorízase segundo as áreas xeográficas, coa finalidade de concentrar as actuacións dos diferentes axentes da cooperación e favorecendo deste modo o impacto positivo no desenvolvemento das poboacións coas que se traballa.

No Plan Anual 2006 establecéronse **tres liñas básicas de actuación**: a sensibilización social, o fortalecemento do tecido asociativo e o pulo ao comercio xusto e consumo responsable. O informe de actividades que aquí se presenta corresponde ás accións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior coa intención de acadar os obxectivos marcados no Plan anual.

Durante este ano realizáronse diversas iniciativas fomentando o fortalecemento dos axentes galegos de cooperación e impulsando unha estratexia común e implantando redes de intercambio de experiencias e solidariedade.

Neste senso, o Plan Operativo 2006-2007 Xunta de Galicia - Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) tra-

balla conxuntamente ao longo deste bienio para desenvolver proxectos centrados no coidado medioambiental e, fundamentalmente, no desenvolvemento do sector pesqueiro en diversos países. Tamén neste marco, continúa o Plan de Apoio ao sector da pesca e da acuicultura, posto en marcha coa AECI no 2004, que ten como finalidade a loita contra a pobreza, fomentando, dende unha visión rexional, un uso sostible dos recursos naturais que sirva como unha achega ao desenvolvemento das poboacións.

Neste ano a Dirección Xeral de Cooperación Exterior participou na IX Reunión da Comisión Mixta Hispano-Peruana, na Acta da Comisión Mixta Hispano-Boliviana de Cooperación e na Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento, no noso cometido de traballar na loita contra a pobreza, defensa dos Dereitos Humanos, equidade de xénero, sustentabilidade ambiental e respecto á diversidade cultural, entre outros, así como no traballo a prol dunha estratexia converxente.

Durante o ano 2006 realizáronse tarefas de seguimento e avaliación de proxectos. Cómpre destacar as visitas realizadas a Perú, República Dominicana, Cuba e Haití, e, dentro do continente africano, cómpre sinalar Angola, Mozambique e Namibia, dando así cumprida conta do noso interese de colaboración e mellora da calidade do traballo desenvolvido no eido da cooperación galega.

Na nosa aposta por unha transparencia na xestión e o reforzo do traballo diario das entidades, abríronse novas liñas de traballo. Por iso, a web [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org) da Xunta de Galicia foi creada coa vontade de converterse no portal do mundo da cooperación en Galicia e servir de ferramenta para que as organizacións que realizan accións a prol do desenvolvemento atopen os recursos, a información e os enlaces que poidan resultar do seu interese. Ao mesmo tempo, coa creación do SIC, tense a posibilidade de coñecer o verdadeiro impacto das accións do sector da cooperación en Galicia, contribuíndo a identificar as tendencias e os erros para mellorar a planificación para o futuro.



A sensibilización para o desenvolvemento e a consolidación das organizacións ocupa un lugar destacado nos nosos obxectivos. Co fin de afianzar o noso compromiso, aumentaron as partidas orzamentarias un 44% e 20%, respectivamente.

Por último, temos que manifestar a nosa satisfacción de poder contribuír ao proceso de aprendizaxe e formación do futuro da nosa cooperación galega, posta en mans dos mozos e mozas que poñen a súas capacidades e aptitudes ao servizo deste sector. Oito estadias de tres meses no exterior foron financiadas ao alumnado do Máster de Cooperación Internacional da USC; subvencionáronse tres prazas para a formación de persoal titulado latinoamericano coa mediación da Fundación Carolina; xestionáronse bolsas de especialización a través do Programa Unites de promoción do voluntariado das Nacións Unidas e tramitáronse dúas prazas para o desenvolvemento do Programa de Coñecemento da Realidade (PCR). O noso compromiso coa investigación manifestouse subvencionando por primeira vez a convocatoria de investigación en Cooperación

para o Desenvolvemento impulsada dende a Universidade da Coruña a través da súa Oficina de Voluntariado.

Estes son exemplos dalgunhas das iniciativas que levamos a cabo durante o ano 2006, mais sabemos que temos un longo camiño por percorrer. No esforzo de mellorar a calidade do traballo e a inquietude de superación que nos caracteriza,ponse de manifesto a nosa vontade política e o continuo estado de reflexión no que estamos inmersos.



## Plan Anual 2006

Tal como foi mencionado na introdución, a seguir preséntase unha táboa resumo do avance e progresión de cada un dos obxectivos do Plan Director durante o transcurso do 2006

### Seguimento Obxectivos Plan Director da Cooperación Galega

ANO 2006 A 2009

**O1: Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento**

	ACCIÓN REALIZADA 2006
1.1 Fomentar a educación para o desenvolvemento normalizada e estable	Contacto inicial Consellería Educación para accións conxuntas Educ.Cidadanía Aumento 44% convoc. sensibilización
1.2 Fomentar redes de intercambio de experiencias de solidariedade	Convenio Coordinadora Galega ONGD Convenio Fondo Galego de Cooperación 16 bolsas prácticas en terreo e 2 cooperantes. A través de axentes envío persoal para PCR, funcionariado municipal, etc.
1.3 Normalizar a avaliación e seguimento do impacto das accións de comunicación realizadas	Preparación enquisa para realizar en 2007 campañas de comunicación "Quen coopera e quen é cooperante" (Coordinadora ONGD), Revirando o Milenio (Fondo Galego) e propia (Día dos Dereitos Humanos)
1.4 Identificar as pautas de comunicación que sustentarán as accións de sensibilización	Elaborado con principios da cooperación feita dende a Xunta de Galicia. Xornadas de Cooperación e Comunicación co Clube de Prensa
1.5 Fomentar as accións de comunicación e sensibilización a través da Internet	<a href="http://www.cooperaciongalega.org">www.cooperaciongalega.org</a>
1.6 Implantar encontros de deseño e avaliación entre os axentes implicados nas accións de sensibilización	





## 02: Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto

### ACCIÓNS REALIZADAS 2006

<b>2.1</b> Fortalecemento técnico e humano da unidade responsable da política de axuda	Incorporación persoal técnico na DXCE (1) e en Centroamérica (1)
<b>2.2</b> Fortalecemento da capacidade directiva e de coordinación da Dirección Xeral de Cooperación Exterior no fomento do traballo conxunto entre consellerías e departamentos da Xunta de Galicia, conseguindo unha maior eficiencia das actuacións	Realizadas, ou en curso, accións coas consellarías de Medio Ambiente, Pesca, Vivenda, Desenvolvemento Rural, Sanidade, Educación, Secretaría Xeral da Igualdade e coa D.X.Xuventude
<b>2.3</b> Pulo ás iniciativas de consolidación e fortalecemento das ONGD	Aumento 20,5% convoc.Fortalecemento
<b>2.4</b> Fortalecer a Coordinadora Galega de ONGD	Realizada. Financiamento 3 persoas técnicas e actividades
<b>2.5</b> Fomentar as iniciativas conxuntas coa cooperación local e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Programa cooperación Cabo Verde e sensibilización
<b>2.6</b> Fomentar a integración entre as accións das universidades galegas e as realizadas polo resto dos axentes e pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior	Financiamento accións na UDC (Oficina de voluntariado e cooperación e curso especialización en xestión de ONGD) e na USC (Oficina voluntariado e master cooperación internacional)
<b>2.7</b> Promover espazos de encontro entre actores que impliquen o fortalecemento do sector	Encontro Laias da Coordinadora ONGD. Xornadas anuais Cooperación do Fondo. Presentación plan director a axentes. Encontro coa directora xeral da AECE. Xuntanzas para posta en marcha do SIC
<b>2.8</b> Potenciar a colaboración e o traballo conxunto entre os actores en todos os medios de axuda	Realizado. Potenciarase na elaboración dos plans de actuación país
<b>2.9</b> Elaborar un Informe Cero e un Informe Anual sobre a cooperación galega para o desenvolvemento.	Presentado Informe 2005. Deseño e elaboración Sistema de Información da Cooperación (SIC) 2006

### 03: Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara ao cumprimento de obxectivos

#### ACCIÓNS REALIZADAS 2006

3.1	Desenvolver un plan anual de avaliacións externas da axuda	Contratadas avaliacións puntuais. Recompilación información
3.2	Organización de encontros de avaliación dos proxectos por país e/ou sector de actuación	Xornadas avaliación Perú co Fondo Galego de Cooperación
3.3	Potenciar cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores da cooperación galega	Financiados cursos específicos organizados por ONGD, pola Coordinadora de ONGD e polas universidades da Coruña e Santiago
3.4	Reforzar a investigación das causas do subdesenvolvemento, os novos xeitos de cooperación e o aumento da calidade e da experiencia compartida da cooperación galega	Financiada primeira convocatoria investigación da UDC. Posta en marcha do sistema de información da cooperación (SIC)
3.5	Utilizar as accións de avaliación e mellora técnica como ferramenta para favorecer o tecido galego de cooperación	Primouse na contratación de accións de avaliación, identificación e formación
3.6	Incrementar as bolsas de formación nas OTC, en organismos de cooperación e financiar a contratación de cooperantes especializados	Duplicado volume de bolsas. Contratación cooperantes para Centroamérica e Mozambique no marco de programas da AECL
3.7	Facilitar a participación do funcionariado da Administración pública galega en iniciativas de cooperación ao desenvolvemento	Financiado programa vacacións con traballo do Fondo Galego de Cooperación para funcionarios municipais. Iniciado desenvolvemento programa Rede Galega de Funcionarios Cooperantes.

### 04: Ampliación e ordenación dos medios da Cooperación Galega

#### ACCIÓNS REALIZADAS 2006

4.1	Potenciación das liñas de financiamento a ONGD e a outros axentes de cooperación	Aumento 12,7% convoc. ONGD. Aumento 44% convoc. Sensibilización. Aumento 20,5% convoc. Fortalecemento
4.2	Simplificar procedementos burocráticos na xustificación de proxectos, substituíndoos por seguimento e avaliación no cumprimento eficiente de obxectivos e impacto no terreo	Introdución medidas simplificación no proxecto de Lei de subvencións que permitan a simplificación
4.3	Fomentar a normalización de procedementos e formularios de solicitudes de subvencións	Iniciada. Adaptada a toda a formulación de convenios
4.4	Optimización da instrumentalización dos convenios	Utilizado só en accións en que se fomenta o cumprimento dos obxectivos do plan director e onde non sexa posible acceder coas convocatorias establecidas. Implantado procedemento e formulario como nas convocatorias. Elaborado borrador convocatoria microproxectos
4.5	Modificación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación	En fase de preparación previa ao envío aos axentes, incluíndo o proceso para a súa depuración.
4.6	Fortalecemento da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia	Realizada. En funcionamento en canto a medios e persoal
4.7	Reformular a convocatoria de axuda humanitaria e de emerxencia	Eliminada, non pertinente unha convocatoria semellante.

## 05: Implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación

### ACCIÓN REALIZADA 2006

5.1 Desenvolvemento rural	Iniciadas accións dende Agader. Financiados cursos de formación sobre o sector
5.2 Pesca	Financiados diversos proxectos en que están implicados moitos actores da pesca galega, especialmente co apoio decidido da Consellería de Pesca
5.3 Medio ambiente	Continuación e formulación de novas accións dende a D. X. Desenvolvemento Sostible. En fase de identificación de accións cos departamentos ou institucións da Xunta de Galicia implicadas
5.4 Desenvolvemento tecnolóxico	Contactos iniciais. Formuladas posibles accións de transferencia de tecnoloxía en materia de Pesca e Acuicultura e enerxías alternativas
5.5 Economía social	
5.6 Co- desenvolvemento	Contactos iniciais con entidades de atención a inmigrantes para fortalecer accións de co- desenvolvemento. Financiamento de curso de formación a través da Coordinadora de ONGD
5.7 Descentralización política	

## 06: Fomento do comercio xusto e do consumo responsable

### ACCIÓN REALIZADA 2006

6.1 Elaboración dun plan de implantación e comercialización: comercio xusto	Contratada consultora e consensados termos de referencia coas ONGD implicadas
6.2 Apoio na difusión da realidade, características e obxectivos do comercio xusto	Apoio ás campañas de Amarante, Solidariedade Internacional, A cova da Terra e a Coordinadora de ONGD
6.3 Fomentar a relación con empresas da economía social galega	
6.4 Apoiar o comercio xusto en todos os medios de axuda	Incluíuse nas convocatorias de sensibilización e fortalecemento especificamente
6.5 Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable dentro da Administración pública galega	Difusión interna agasallos (Euroescola, postais de Nadal). Apoio iniciativas Amarante e Solidariedade internacional para difusión en institucións públicas (Xunta de Galicia, Concellos e Parlamento)

## 07: Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega

### ACCIÓN REALIZADAS 2006

<b>7.1</b> Dedicar un máximo do 70% dos recursos da cooperación aos 17 países prioritarios	88%
<b>7.2</b> Dedicar entre o 10 e o 20% dos fondos de cooperación a países considerados máis pobres (PMA)	17,90%
<b>7.3</b> Buscar unha ponderación na asignación de recursos entre os países prioritarios	Asignáronse fondos a todos os países prioritarios agás Haití, Angola e Namibia
<b>7.4</b> Elaborar para cada un dos países prioritarios un documento de estratexia de intervención	Formulado proceso de elaboración e borrador Bolivia



## Cifras 2006

Comparativamente, respecto ao ano 2005 as asignacións orzamentarias repartíronse como se detalla de seguido. Traballamos dende a cifra dos 6.993.728 €, tendo en conta que o orzamento total para o 2006 foi de 6.698.079 € (co capítulo I que abrangue persoal funcionario e eventual serían 7.095.168 €). É dicir, faise a análise dende o orzamento comprometido, 2006/07, como se viña facendo anteriormente e para poder establecer correctamente as comparativas:

	CONVOCATORIAS	CONVENIOS	POA XUNTA AECI	CAPÍTULO VI	OUTROS (FAHG)
<b>Ano 2005/06</b>	3.861.049,20	1.728.552,09	634.500,00	235.000,00	120.000,00
<b>Ano 2006/07</b>	4.312.393,88	1.497.800,92	773.532,93	250.000,00	160.000,00
<b>Diferenza Ab.</b>	451.344,68	230.751,17	139.032,93	15.000,00	40.000,00
<b>Diferenza % 06/07</b>	11,69	13,35	21,91	6,38	33,33

O detalle destas partidas e de todos os proxectos financiados durante o 2006 pódese consultar na páxina web [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org).


Seguindo o esquema de repartición por **tipos de instrumentos**, as axudas distribuíronse do seguinte xeito, salientando o importante incremento dirixido á dotación das convocatorias de axuda a: proxectos no exterior para ONGD, para outros axentes, proxectos de sensibilización e de educación para o desenvolvemento, e, por último, de fortalecemento de ONGD.

Na **división sectorial**, destaca especialmente o avance porcentual e absoluto en sensibilización social e educa-



## Porcentaxes Instrumentos

AÑO 2006




ción para o desenvolvemento, así como, e especialmente, en Fortalecemento e Consolidación de Axentes, en consonancia co establecido no plan anual 2006 e co I plan director 2006-2009. Axustouse a proporción dedicada á cobertura de necesidades sociais básicas, aínda que de xeito obrigado se mantén como porcentaxe maior, aumentando tamén de maneira destacada as intervencións no sector de infraestrutura e promoción do tecido económico (mesmo por riba do obxectivo), e quedando preto do mesmo no caso do investimento no Ser Humano. Houbo un descenso dun punto porcentual no caso da defensa do Ambiente e de xeito máis notorio na axuda humanitaria e de emerxencia. Aquí debemos ter en conta que durante o inicio do ano 2005 se efectuou unha importante achega á causa da devastación producida pola tsunami de decembro do 2004 no sueste asiático.

SECTOR	TOTAL 2006			% PROPOSTO 2006-2009		1998-2005
	EUROS	Nº PROXECTOS	%	%	%	
Cobertura das necesidades sociais básicas	1.965.110,25	25	28,10	27,00	32,80	
Infraestrutura e promoción do tecido económico	1.727.139,69	25	24,70	21,00	16,47	
Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	796.548,84	9	11,39	16,00	11,96	
Investimento no ser humano	825.845,87	8	11,81	12,00	8,99	
Defensa do medio ambiente	374.219,00	3	5,35	7,00	6,53	
Axuda humanitaria e de emerxencia	317.124,00	4	4,53	8,00	13,41	
Sensibilización social e educación para o desenvolvemento	461.739,08	27	6,60	5,00	3,77	
Consolidación e fortalecemento de axentes	276.001,00	10	3,95	2,00	0,34	
Sectores CAD non adscritos ós anteriores	250.000,00		3,57	2,00	5,74	
<b>TOTAL</b>	<b>6.993.727,73</b>	<b>111</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	

## Distribución sectorial

AÑO 2006



Xeograficamente, observamos o importante crecemento das axudas cara ao continente africano, sendo Mozambique o terceiro país receptor das subvencións para proxectos no exterior. O incremento da porcentaxe cara ao continente respecto do ano 2005 é de 8,72 puntos (de 16,49% en 2005 a 25,21% en 2006).

Hai unha nidia aposta por achegarse canto antes ao compromiso establecido no Plan Director de dedicar entre o 10% e o 20% para os países menos avanzados (PMA). Dos

7 países africanos prioritarios, 5 son PMA: Mauritania, Senegal, Guinea Bissau, Angola e Mozambique – aos que engadimos os campamentos saharauís – (Cabo Verde e Namibia son países de ingresos medio – baixos, por baixo do posto 146 do IDH, segundo informe da ONU). Estes cinco países e os campamentos saharauís supoñen o 70,87% do total destinado a África. Por tanto a porcentaxe asignada a PMA atinxe o 17,87%, preto do 20% establecido como meta durante a vixencia do actual Plan Director.

Asemade, para o total dos países prioritarios a porcentaxe fixada é dun máximo do 70%. Neste caso a porcentaxe é superada en 18 puntos porcentuais.

Incorporarase a valoración explícita para países preferentes (e non só prioritarios) nos requisitos das convocatorias de axuda para proxectos no exterior.


Canto ás prioridades transversais, cómpre facer referencia expresa á promoción da igualdade entre homes e mulleres. O I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009 recoñece a necesidade de traballar en prol da eliminación das diferenzas entre mulleres e homes para conseguir un desenvolvemento máis xusto e eficiente. Esta necesidade, móstrase imprescindible após un ano de traballo desde a Dirección Xeral de Cooperación. Por isto, en todas as actuacións e proxectos financiados, o



enfoque transversal de xénero está ponderado, recoñecendo a importancia do empoderamento así como do feito de que as mulleres estaren a ter un papel protagonista no desenvolvemento dos países do Sur, no propio Sur e en Galicia, onde a presenza das mulleres é notablemente maioritaria no traballo efectivo desde as organizacións sociais. Este enfoque de primar os proxectos nos que se garanta a participación da muller, manterase en todos os plans de actuación por país que se levarán a cabo durante o 2007.

### Distribución xeográfica porcentual

AÑO 2006



CONTINENTE	PAÍS / ZONA	PORCENTAXE
América do Sur	Bolivia	6,50
América do Sur	Ecuador	11,63
América do Sur	Peru	18,08
América do Sur	Uruguai	0,59
América do Sur	Arxentina	0,90
América do Sur	Brasil	0,92
América do Sur	Varios	0,94
<b>AMÉRICA DO SUR</b>	<b>SUBTOTAL</b>	<b>39,57</b>
América Central	Nicaragua	6,54
América Central	Honduras	1,96
América Central	Guatemala	6,89
América Central	O Salvador	5,52
América Central	Cuba	4,17
América Central	República Dominicana	4,64
América Central	Varios	3,87
<b>AMÉRICA CENTRAL</b>	<b>SUBTOTAL</b>	<b>33,59</b>
África	Mozambique	11,43
África	Cabo Verde	4,26
África	Senegal	1,69
África	Guinea Bissau	3,62
África	Terr. Saharaúis	1,12
África	Marrocos	1,65
África	Tanzania	0,85
África	Varios	0,58
<b>ÁFRICA</b>	<b>SUBTOTAL</b>	<b>25,21</b>
Asia	Timor Leste	0,69
Asia	India	0,95
<b>ASIA</b>	<b>SUBTOTAL</b>	<b>1,64</b>
<b>TOTAL</b>		<b>100,00</b>



# 02: Plan Director da Cooperación Galega

**Misión:** “Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon a disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; sumándose aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento, humano e sostible”

No ano 2006 apróbase o primeiro **Plan Director da Cooperación Galega** para o período **2006- 2009** como fonte de novas estratexias para a cooperación galega, e que, servindo como ferramenta impulsora do sector, inclúe a práctica totalidade das propostas feitas polos actores no mesmo. A idea inherente ao mesmo define a nosa meta.

O Plan enmarca as **estratexias da cooperación galega** que se asentán nos principios expostos no mesmo, base do noso traballo:

- O ser humano como centro dos esforzos
- O desenvolvemento para a realización dos pobos, como un proceso multidimensional
- Responsabilidade compartida
- Busca da conquista efectiva dos dereitos persoais

E asemade nos **criterios xerais de desenvolvemento** que marcan o carácter das actuacións, como son que a axuda é un compromiso entre doador e receptor, sempre na busca de promover a apropiación por parte dos beneficiarios, de impulsar a participación social, fomentar a autonomía do receptor, a coherencia das actuacións públicas cos Obxectivos de Desenvolvemento do mile-



# 2006-2009

nio, a transparencia, eficacia e eficiencia, así como unha resposta ás liñas de acción exterior, galegas e estatais, co fin de integrar aos actores, respectando a súa independencia.

As **prioridades xeográficas** marcadas pola DXCE para o Plan serán as resultantes dunha selección baseada en criterios de pobreza, presenza e traballo anterior, posibilidades de desenvolvemento efectivo... Son as seguintes:

**ÁFRICA:** Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia, Senegal e os Territorios Saharauís

**AMÉRICA DO SUR:** Bolivia, Ecuador e Perú

**CARIBE:** Cuba, Haití e República Dominicana

**AMÉRICA CENTRAL:** Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador


No ámbito **sectorial**, amosamos as seguintes categorías, tamén prioritarias:


- Cobertura das necesidades sociais básicas
- Infraestrutura e promoción do tecido económico
- Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno

- Investimento no ser humano
- Defensa do medio ambiente
- Axuda humanitaria e de emerxencia
- Sensibilización social e educación para o desenvolvemento
- Consolidación e fortalecemento dos Axentes da Cooperación
- Sectores do CAD non adscritos aos sectores anteriores

Por outra banda, cómpre sinalar as **liñas transversais** que son integradas nos proxectos a desenvolver, independentemente dos obxectivos xerais que abrangan, como é a Declaración do Milenio, o dereito ao desenvolvemento, a igualdade entre homes e mulleres, a defensa da sostibilidade ambiental e o respecto polos Dereitos Humanos.

O Plan Director nace así como un intento de sensibilizar e dar a coñecer a realidade da desigualdade a nivel mundial, implicando a todos os actores e fomentando o traballo conxunto, mellorando a calidade técnica e operativa do sector. Asemade, impulsa a difusión dun consumo xusto e responsable, acorde cos nosos principios, prioridades e estratexias.





## Actuacións 2006


	PAÍS	Nº PROXECTOS	PÁXINA
1	Angola	1	39
2	Argentina	1	40
3	Bolivia	6	41
4	Brasil	2	44
5	Cabo Verde	3	29
6	Costa Rica	1	64
7	Cuba	2	45
8	Ecuador	8	46
9	Galicia	25	68
10	Guatemala	5	49
11	Guinea Bissau	3	30
12	Guinea Ecuatorial	1	39
13	Honduras	2	52
14	India	2	67
15	Marrocos	2	31
16	Mozambique	9	32
17	México	2	64
18	Nicaragua	5	53
19	O Salvador	5	55
20	Panamá	1	64
21	Perú	11	57
22	Rep. Dominicana	2	62
23	S. Tomé e Príncipe	1	39
24	Senegal	2	37
25	Tanzania	1	38
26	Territorios Saharaís	2	35
27	Timor Leste	1	66
28	Uruguai	2	63

Países prioritarios de acordo co Plan Director ■  
 Outros países de actuación ■

(\*) Existen proxectos como o de "Apoio á formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional" que se realizan en toda latinoamérica. Do mesmo xeito atopamos o proxecto de "Apoio á formación de especialistas africanos en economía pesqueira" que se está a desenvolver en toda África e Latinoamérica.



# 03: Proxectos e actuacións






# no exterior

## Cabo Verde

OUTROS AXENTES

## África

### PROXECTO 1: Accións de formación, diagnose e equipamento de equipos de vixilancia e inspección pesqueira



■ **CÓDIGO CRS:** 31320

Desenvolvemento pesqueiro

■ **SOLICITANTE:** Axencia Española de Cooperación Internacional

■ **MEMBROS DA AGRUPACIÓN:** Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

■ **CONTRAPARTE:** Gobiernos dos países. Ministerios de pesca. Direccións xerais relacionadas coa inspección pesqueira

■ **INSTRUMENTO:** Plan Operativo Anual AECL – Xunta de Galicia

■ **ZONA DE ACTUACIÓN:** Cabo Verde

■ **SECTOR DE ACTUACIÓN:**

Desenvolvemento sector pesqueiro

■ **ORZAMENTO TOTAL:** 145.000 €

■ **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 25.000 €

■ **CARÁCTER:** Plurianual


■ **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** As institucións pesqueiras responsables de servizos e sistemas de vixilancia e inspección pesqueira en Cabo Verde, Guinea Bissau e San Tomé e Príncipe. As persoas participantes no programa de formación, que serán dirixentes e postos medios da Administración pesqueira de cada país, responsables da aplicación de medidas e accións de vixilancia e inspección pesqueira

## PROXECTO 2: Formulación do Plan Operativo Cabo Verde 2006-2007

- **CÓDIGO CRS:** 15010 Planificación económica e de desenvolvemento
- **ENTIDADE:** FOGACOSOL
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Cabo Verde
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno
- **ORZAMENTO TOTAL:** 250.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** A sociedade deste país

## Guinea Bissau

OUTROS AXENTES




# África

## PROXECTO 1: Consolidación do Centro de Formación Pesqueira de Bolama

- **CÓDIGO CRS:** 31320  
Desenvolvemento pesqueiro
- **SOLICITANTE:** Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI)
- **MEMBROS DA AGRUPACIÓN:** Dirección Xeral de Pesca, Proxecto PRODEPA e Asociacións de pescadoras e pescadores
- **CONTRAPARTE:** Ministerio de Pesca de Guinea Bissau
- **INSTRUMENTO:** Plan Operativo Anual AECI – Xunta de Galicia
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Bolama
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Desenvolvemento pesqueiro
- **ORZAMENTO TOTAL:** 1.420.000 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 120.000,00 €
- **CARÁCTER:** Bianaual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Todo o sector perqueiro artesanal de Guinea Bissau. Mocidade guineana en busca dunha saída laboral. Mariñeiros de pesca industrial de Guinea Bissau

## PROXECTO 2: Fortalecemento da actividade hortícola nas mulleres das tabancas de Xime.

- **CÓDIGO CRS:** 31120  
Desenvolvemento agrario
- **ENTIDADE:** Paz y Desarrollo
- **CONTRAPARTE:** Unión Nacional das Associações e Agrupamentos de Actividades Hortícolas na Guinea Bissau “Mon na Terra”
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para ONGD
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Rexión de Bafalá
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Agricultura
- **ORZAMENTO TOTAL:** 110.262 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 92.262 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 180 mulleres e membros de tres asociacións de mulleres agricultoras situadas na rexión. Indirectamente, beneficiaranse as familias



### PROXECTO 1: Axuda humanitaria para a reconstrución de Merzouga

- **CÓDIGO CRS:**  
72010 Axuda emerxencia / catástrofes.
- **ENTIDADE:** Asociación Compostela de Diabéticos.
- **INSTRUMENTO:**  
Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Merzouga
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:**  
Auga e vivenda
- **ORZAMENTO TOTAL:** 6.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Poboación de Merzouga

### PROXECTO 2: Fornecemento de auga na provincia de Tizanit (Vita)

- **CÓDIGO CRS:**  
14030 Abastecemento de auga-sistemas menores.
- **ENTIDADE:** Sindicato nacional de CC.OO. de Galicia
- **CONTRAPARTE:** Asociación Biemfaisance d'Idaousemlal.
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para OUTROS AXENTES.
- **ZONA DE ACTUACIÓN:**  
Provincia de Tizanit
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Sector agrícola, fornecemento de auga
- **ORZ. TOTAL:** 115.000.000,00 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:**  
91.000,00 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:**  
Directas: 1.091 habitantes e 224 casas de Taganougdede e Tidly M`zile. Indirectas: as 12.000 persoas que permanecen no territorio distribúense en 88 aldeas




# Mozambique

OUTROS AXENTES

## PROXECTO 1: Ampliación da capacidade docente e clínica do hospital escola

- **CÓDIGO CRS:** 12181  
Ensin/formación médicas e 12230  
Infraestrutura sanitaria básica
- **ENTIDADE:** Asociación para la Salud Integral y el Desarrollo Humano (ASIDH)
- **CONTRAPARTE:** Ministerio de Saúde de Mozambique (MISAU)
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Polana Caniço
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Saúde
- **ORZAMENTO TOTAL:** 96.900 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:**  
Directamente, profesionais da medicina xeral e especialistas en medicina familiar e comunitaria, profesionais que traballan nas unidades sanitarias de nivel primario e estudiantado de medicina da Universidade Eduardo Mondlane



## PROXECTO 2: Apoio ao Ministerio de Pesca de Mozambique

- **CÓDIGO CRS:** 31382 Investigación pesqueira
- **SOLICITANTE:** AECl
- **MEMBROS DA AGRUPACIÓN:** Instituto de Investigación Pesqueira. Laboratorio de Inspección do Peixe
- **CONTRAPARTE:** Ministerio de Pesca de Mozambique
- **INSTRUMENTO:** Plan Operativo Anual AECl – Xunta de Galicia
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Maputo
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Pesca
- **ORZAMENTO TOTAL:** 75.000,00 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 75.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Laboratorio de Inspección de Peixe e Instituto de Investigación Pesqueira de Mozambique



### **PROXECTO 3:** Apoio ao programa de promoción integral da poboación rural de Sofala en Mozambique por medio da formación técnica das mestras e mestres

- **CÓDIGO CRS:** 11130 Formación de profesorado
- **SOLICITANTE:** Asociación PROYDE
- **CONTRAPARTE:** Hermanos de las Escuelas Cristianas-La Salle de Mozambique
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para ONGD
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Mozambique
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Necesidades básicas da poboación
- **ORZAMENTO TOTAL :** 66.035,82 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 55.035,82 €
- **CARÁCTER:** plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Directa: profesorado e estudiantado das 4 escolas beneficiarias (Estaquinha, Mangunde, Barada, Machanga). Indirecta: todas as persoas que disfrutan dos servizos logrados a través do programa




### **PROXECTO 4:** Proxecto: Centro Miramar, educativo, cultural e de usos múltiples do Triángulo. Nacala-Porto

- **CÓDIGO CRS:** 11120 Servizos e instalacións educativos e formación
- **SOLICITANTE:** Cooperación Vicenciana para el Desarrollo (COVIDE)
- **CONTRAPARTE:** Padres Vicentinos de Nacala-Porto
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para ONGD
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Nacala-Porto
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Educación e prevención
- **ORZAMENTO TOTAL:** 441.009,43 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 139.000,00 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Directamente veranse beneficiadas unhas 31.600 personas e de maneira indirecta, a poboación dos 6 municipios de intervención

### PROXECTO 5: Fortalecemento das capacidades clínicas do Hospital Carmelo

- **CÓDIGO CRS:** 12110 Política sanitaria e xestión administrativa
- **ENTIDADE:** Cooperación Vicenciana para el Desarrollo (COVIDE)
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Chokwe
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Saúde
- **ORZAMENTO TOTAL:** 40.000 €
- **CARÁCTER:** anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** axuda clínica, psicolóxica e social a 6.870 persoas enfermas do distrito de Chokwe e máis 620 doutros distritos limítrofes (64% mulleres e 36% homes). Actualmente, ten 790 pacientes con tratamento, dos cales o 20% son nenos/as



### PROXECTO 6: Mellora da soberanía alimentaria en tres localidades do Distrito de Montepuez

- **CÓDIGO CRS:** 52010 Programas de seguranza alimentaria
- **ENTIDADE:** Cruz Vermella Galicia
- **CONTRAPARTE:** Cruz Vermella Mozambique
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para ONGD
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Merupe, Unidade e Miatela (Distrito Montepuez – Provincia Cabo Delgado)
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Abastecemento de auga e saúde alimentaria
- **ORZAMENTO TOTAL:** 272.387 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 140.000 €
- **CARÁCTER:** plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Directamente 7150 persoas e, de maneira indirecta, beneficiarase a poboación das comunidades

### PROXECTO 7: Realización dunha misión de identificación para o favorecemento e desenvolvemento da pesca artesanal

- **CÓDIGO CRS:** 31320 Desenvolvemento pesqueiro
- **ENTIDADE:** Devalar, Consultoría Europea. S.L.
- **CONTRAPARTE:** Instituto Nacional de Investigación Pesqueira (IIP)
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Lago Niassa
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Desenvolvemento da pesca artesanal
- **ORZAMENTO TOTAL:** 45.980 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Directamente o persoal que se dedica ao sector da pesca na zona do lago Niassa. De maneira indirecta, as familias e as comunidades da zona




### PROXECTO 8: Promoción da saúde en comunidades de economía fráxil

- **CÓDIGO CRS:** 12281 Educación sanitaria - 12230 Infraestructura sanitaria básica
- **ENTIDADE:** Rural Consulting S.L.
- **CONTRAPARTE:** Agência de Desenvolvemento Economico Local de Maputo
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para OUTROS AXENTES.
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Matola/ Infulene
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Educación para a saúde e prevención de enfermidades
- **ORZAMENTO TOTAL:** 111.098,50 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 78.620,55 €
- **CARÁCTER:** plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Directa: 45 mulleres e xoves formadas como axentes e 1.000 familias que recibirán 5 árbores cada unha para plantar na súa horta familiar, completando así a súa dieta. Tamén ADEL Maputo, depositario do centro construído  
Indirecta: Todas aquelas persoas ás que lles chegará a información sobre o proxecto

## Territorios Saharauí

OUTROS AXENTES

# África




### PROXECTO 1: Actividades no marco do proxecto de apoio á formación profesional dos pescadores artesanais de Centroamérica

- **CÓDIGO CRS:**  
31381 Educación, formación pesquera
- **ENTIDADE:**  
Fundación Centro Tecnolóxico del Mar (CETMAR)
- **INSTRUMENTO:**  
Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:**  
Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e Panamá
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:**  
Desenvolvemento pesqueiro artesanal
- **ORZAMENTO TOTAL:** 170.535 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:**  
Profesionais do sector, funcionarios das administracións pesqueiras de Centroamérica e os representantes de cada unha das oficinas técnicas de cooperación da AEI dos países participantes

### PROXECTO 2: Apoio á formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional

- **CÓDIGO CRS:** 11430 Formación superior técnica e de dirección
- **ENTIDADE:** Universidade de Santiago de Compostela
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Latinoamérica
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Educación
- **ORZAMENTO TOTAL:** 27.165 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Licenciados universitarios



### PROXECTO 3: Programa de actividades para a promoción das relacións de cooperación entre Galicia e Iberoamérica

- **CÓDIGO CRS:**  
111 Educación, nivel non especificado
- **ENTIDADE:** Universidade de Santiago de Compostela
- **CONTRAPARTE:** Univ. Michiocana de S. Nicolás de Itidalgo
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Brasil, Uruguai e México
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Educación
- **ORZAMENTO TOTAL:** 18.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** A poboación universitaria



PROXECTO 1, 4 E 5



PROXECTO 2




PROXECTO 3

## **PROXECTO 4: Curso de formador de formadores, no marco do proxecto de apoio á formación profesional dos pescadores artesanais de Centroamérica**

- **CÓDIGO CRS:** 31381 Educación, formación pesqueira
- **ENTIDADE:** Fundación Centro Tecnolóxico del Mar (CETMAR)
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Costa Rica, Nicaragua, Honduras, Panamá, O Salvador e Guatemala
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Desenvolvemento pesqueiro artesanal
- **ORZAMENTO TOTAL:** 34.800 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Capacitáronse 28 formadores que impartirán un curso de pescador básico artesanal

## **PROXECTO 5: Curso de formación no centro de formación da cooperación española na cidade de Antigua**


- **CÓDIGO CRS:** 31381 Educación, formación pesqueira
- **ENTIDADE:** Fundación Centro Tecnolóxico del Mar (CETMAR)
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e Panamá
- **SECT. DE ACTUACIÓN:** Desenvolvemento pesqueiro artesanal
- **ORZAMENTO TOTAL:** 11.800 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Profesionais do sector, funcionarios das administracións pesqueiras de Centroamérica e os representantes da cada unha das oficinas técnicas de cooperación da AECI dos países participantes



## Timor Leste

Asia

### OUTROS AXENTES



**PROXECTO 1:** Cooperación da UDC con Timor Leste para o fortalecemento e desenvolvemento institucional da UNTL-CNIC, implantación de novos currículos académicos e realizacións de investigacións conxuntas sobre problemas sociais do país

- **CÓDIGO CRS:** 11181 Investigación educativa
- **ENTIDADE:** Universidade da Coruña (UDC).
- **CONTRAPARTE:** Universidade nacional de Timor Lorosa'e (UNTL); Centro Nacional de Investigações Científicas (CNIC)
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para OUTROS AXENTES
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Distrito de Dili
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Cobertura de necesidades básicas
- **ORZAMENTO TOTAL:** 50.118 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 40.276 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:**
  - Directa: 120 persoas (persoas con titulación media e superiores, académicas, funcionariado público, axentes sociais e líderes comunitarios).
  - Indirecta: O estudiantado da UNTL, os Ministerios de Administración Pública, Agricultura e Ambiente, Saúde, Cultura, Educación, Servizos Sociais e Cooperación, as comunidades de procedencia, os axentes e líderes sociais, institucións públicas, organizacións non gobernamentais e entidades da cooperación internacional en xeral



## PROXECTO 1: Desenvolvemento urbano en Tiruchy IV

- **CÓDIGO CRS:** 42010 Muller e desenvolvemento – 43030 Desenvolvemento e xestión urbanos
- **ENTIDADE:** Implicadas no Desenvolvemento
- **CONTRAPARTE:** People's Development Initiatives
- **INSTRUMENTO:** Convocatoria de proxectos no exterior para ONGD
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Tamil Nadu
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Cobertura das necesidades básicas
- **ORZAMENTO TOTAL:** 29.445,65 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 25.694,25 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** A poboación dos suburbios Annanagar, Bells Ground, Keelakrishnan Kovil Streer, Koradan Thoppu, Kaja Pettai, Ramamurthy Nagar, Panjukidangu Street, Padhuvai Nagar, Mahalakshmpuram e Kalnaickan Street

## PROXECTO 1: Fortalecemento do programa de atención para nenas/os e xoves en situación de alto risco, mediante a compra dun inmoble para lar de acollida

- **CÓDIGO CRS:** 16000 Outros servizos e infraestruturas sociais
- **ENTIDADE:** Asociación Federación Mundo Cooperante España
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Barrio de Calighat (Calcuta)
- **SECTOR DE ACTUACIÓN:** Cobertura das necesidades básicas
- **ORZAMENTO TOTAL:** 30.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Poboación dos municipios e directamente os nenos e xoves en situación de risco da comunidade



# 04: Proxectos e actuacións

## Actividades formativas e de sensibilización

### 1. Proxecto

#### “Abre a Xanela ao Mundo”

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Jóvenes del Tercer Mundo
- **ORZAMENTO TOTAL:** 23.500 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 19.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Mocidade entre os 12 e os 18 anos de todo os niveis educativos de ensino universitario, así como educadores de centros educativos, animadores socioculturais, etc. Responsables e voluntariado implicados na sensibilización e educación ao desenvolvemento e os medios de comunicación

### 2. Proxecto

#### Acadar a educación primaria universal segundo o obxectivo do desenvolvemento do Milenio

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Manos Unidas
- **ORZAMENTO TOTAL:** 16.800 €



# en Galicia

- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 13.400 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Alumnado con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos e o profesorado de infantil, primaria e secundaria dos centros educativos da Comunidade Autónoma. Pais/nais dos rapaces, os propios rapaces e público en xeral que acode aos actos

### 3. Proxecto

**Acceso universal a recursos básicos: auga, alimentación e enerxía**

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Enxeñería sen Fronteiras Galicia.
- **ORZAMENTO TOTAL:** 14.577 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 11.043,50 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Comunidade universitaria, tanto alumnado como profesorado interesado no tema. Tentarase chegar tamén a outros colectivos como outras ONGD, colexios técnicos e actores da cooperación galega

### 4. Proxecto

**A Cooperación Galego - Portuguesa nun país modelo de desenvolvemento pos- conflito: Mozambique**

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Fundación Axuda en Acción
- **ORZAMENTO TOTAL:** 17.361,00 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 14.996,43 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** A cidadanía galega en xeral e os estudantes dos centros de formación onde imos impartir as conferencias. Os actores principais da Cooperación en Galicia e Portugal

### 5. Proxecto

**Actividades encamiñadas á celebración do Congreso Mundial das Mulleres da Vía Campesiña "Labregas Sementando Igualdade"**

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Sindicato Labrego Galego
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio

- **ORZAMENTO TOTAL:** 65.000 €
- **CARÁCTER:** anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** participaron 129 mulleres en representación de diferentes organizacións agrarias e mixtas galegas, españolas, europeas e mundiais

## 6. Proxecto

### Actividades e programas de formación, sensibilización e voluntariado en materia de cooperación ao desenvolvemento

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Universidade de Santiago de Compostela
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ORZAMENTO TOTAL:** 13.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Directamente a poboación universitaria (alumnado e profesorado) e de maneira indirecta, a poboación galega

## 7. Proxecto

### Actividades de formación, sensibilización e voluntariado en materia de cooperación ao desenvolvemento

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Universidade de A Coruña - Oficina de Cooperación e Voluntariado



- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ORZAMENTO TOTAL:** 13.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** Directamente a poboación universitaria e, de maneira indirecta, a poboación galega

## 8. Proxecto

### Actividades de sensibilización e de difusión do mundo da cooperación para o desenvolvemento

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Coordinadora Galega de ONGD
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ORZAMENTO TOTAL:** 23.470 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** As ONGD integradas e non integradas na coordinadora e a sociedade galega

## 9. Proxecto

### Actividades de sensibilización- formación en Galicia

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Fundación Acción contra a Fame
- **ORZAMENTO TOTAL:** 14.481 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 9.321 €



- **CARÁCTER:** anual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** O programa vai dirixido ao alumnado de entre os 8 e os 17 anos de idade dos colexios de Galicia. Tentouse acadar a participación de 800 nenos. Así mesmo unha parte del diríxese á poboación de Galicia en xeral

## 10. Proxecto

### A Saúde no Milenio: unha materia pendente

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Farmacéuticos Mundi Galicia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 17.148,96 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 15.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Xoves estudantes galegos da secundaria, entre 12 e 18 anos e os medios de comunicación. Beneficiarios indirectos: toda a sociedade galega

## 11. Proxecto

### Campaña de sensibilización e educación en valores: polo dereito de todas as persoas a unha vida digna

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Fundación Intermon Oxfam
- **ORZAMENTO TOTAL:** 23.652 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 13.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual

- **PÚBLICO OBXECTIVO:** O proxecto diríxese a toda a opinión pública de Galicia, con especial incidencia na Coruña, Pontevedra e Vigo. O proxecto, pola súa vez, diríxese aos 13.698 socios/as de Intermon Oxfam en Galicia. 2.000 centros escolares de primaria e secundaria e os xoves poderán participar no programa e converterse en colaboradores activos das campañas

## 12. Proxecto

### Campaña de sensibilización e educación para o desenvolvemento sobre consumo responsable e comercio xusto

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Solidariedade Internacional de Galicia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 24.544 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 15.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Estudantes de secundaria, profesorado e estudantes das diferentes escolas de hostalaría de Galicia e a sociedade en xeral

## 13. Proxecto

### Campaña de Sensibilización Igualdade para o Desenvolvemento: Se a muller avanza, o mundo tamén

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Fundación Interred Galicia. Intercambio e Solidariedade



- **ORZAMENTO TOTAL:** 16.800,80 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 15.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Alumnado de centros de ensino de secundaria, bacharelato e universidades.  
As mulleres usuarias dos centros da muller e das asociacións de mulleres galegas. Alumnado dos obradoiros de formación e voluntariado e socios/as da organización. Xornalistas dos medios de comunicación e membros das ONGD galegas



## 14. Proxecto

### Ciclo de Educación para o Desenvolvemento “Galicia con vistas ao Sur”

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Asociación Amarante para o Eco desenvolvemento.
- **ORZAMENTO TOTAL:** 15.125 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 5.200 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** O público directo do proxecto son principalmente persoas xoves e a comunidade educativa, así como da poboación galega adulta que estea interesada no mundo da solidariedade e da sensibilización

## 15. Proxecto

### Concienciación da sociedade galega cara un consumo responsable e un comercio xusto: CONSUMO SENTIDO

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Asociación Amarante para o Eco desenvolvemento
- **ORZAMENTO TOTAL:** 20.555 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 14.960 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** O público directo do proxecto son todas aquelas persoas que se achegaron ás convocatorias das diferentes actividades que se desenvolveron

## 16. Proxecto

### Formación e sensibilización de axentes de cooperación e cooperantes arredor da aplicación do Dereito Internacional Humanitario nos contextos de axuda humanitaria

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Cruz Vermella Española en Galicia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 17.659,66 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 14.999,66 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** 50 persoas asistentes aos obradoiros de axuda humanitaria e dereito internacional humanitario e 40 persoas asistentes ás xornadas de axuda humanitaria

## 17. Proxecto

### Formación, participación e sensibilización de mozos/as universitarios/as galegos/as en cooperación ao desenvolvemento

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Asemblea de Cooperación pola Paz
- **ORZAMENTO TOTAL:** 16.888 €



- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 15.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Os beneficiarios da formación serán polo menos 15 xoves que participarán nos cursos. As actividades de sensibilización terán como beneficiarios gran parte da comunidade universitaria, ademais de estar aberta ao público en xeral

### 18. Proxecto

#### Iguais para o 2015. Pola equidade de xénero no mundo

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Solidariedade Galega
- **ENTIDADES AGRUPADAS:**  
Solidariedade Internacional de Galicia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 32.073 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 28.573 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Realizaranse actividades en 20 centros educativos. Distribuiranse as guías didácticas ao profesorado, ás ONGD e aos centros educativos.

As actividades públicas da campaña son accións dirixidas á poboación en xeral

### 19. Proxecto

#### Meniños Facendo Familias. Algo grande desde os máis pequenos: as achegas dos nenos para mellorar a súa familia

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:**  
Meniños, Fundación para a Infancia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 48.791,41 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 10.926,92 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:**  
O proxecto irá dirixido aos meniños destinatarios da proposta educativa Facendo familias, en idades correspondentes ao ensino primario de toda Galicia. De xeito secundario, estimamos que 100 educadores colaborarán na posta en marcha da proposta, aos cales hai que engadir os familiares dos nenos participantes

## 20. Proxecto

### Obxectivo 2015

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Jóvenes del Tercer Mundo
- **ENTIDADES AGRUPACIÓN:** Fundación Juan Soñador
- **ORZAMENTO TOTAL:** 41.500 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 24.400 €
- **CARÁCTER:** plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** O destinatario principal é o alumnado das diversas etapas de educación no Tempo Libre. Tamén a campaña vai dirixida aos educadores e pais/nais, outras ONGD, así como animadores socioculturais e voluntarios/as.  
A través dos medios de comunicación social e doutras intervencións abertas, intentouse chegar á sociedade galega en xeral

## 21. Proxecto

### O Comercio Xusto, o Consumo Responsable e a Economía Solidaria como alternativas reais

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Asociación cultural de Cooperación e Desenvolvemento A Cova da Terra
- **ORZAMENTO TOTAL:** 8.572 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 3.100 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** As intervencións educativas foron dirixidas á poboación escolar da provincia de Lugo. Nos casos de intervencións en universidades abranguen a toda a comunidade autónoma. O programa sobre Economía Alternativa abrangue a todo o ámbito autonómico galego e a rede Espazo por un Comercio Xusto é de ámbito estatal

## 22. Proxecto

### “O xogo do sexo ... infancia en risco de explotación sexual comercial en O Salvador”

- **CÓDIGO CRS:** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Médicos do Mundo Galicia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 16.658 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 13.498,20 €

- **CARÁCTER:** Plurianual

- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Poboación xeral interesada pola problemática e pola defensa dos dereitos fundamentais.  
ONGD, institucións e actores políticos e entidades que traballen directamente coa infancia e pola defensa dos DDHH, así como diversos Centros educativos: alumnado e profesorado

## 23.- Proxecto

### Programa de sensibilización 2006 “Milenio: somos miles a cooperar”

- **CÓDIGO CRS:** 99820 Fomento de sensibilización cooperación ao desenvolvemento
- **ENTIDADE:** FOGACOSOL
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio



- **ORZAMENTO TOTAL:** 60.000 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** a sociedade galega

## 24. Proxecto

**Rede solidaria da mocidade para a promoción da participación xuvenil e o exercicio da cidadanía global en centros de ensino da comunidade autónoma de Galicia**

- **CÓDIGO CRS** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Fundación Entreculturas – Fe e Alegría
- **ORZAMENTO TOTAL:** 30.000 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 13.759,27 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Traballarase directamente cunha poboación de 240 mozos/as de 16 centros de ensino,

así como cun número de entre 16 e 20 membros do profesorado. Por outra banda, veranse afectados polas accións do proxecto a poboación das localidades de orixe e as familias dos participantes

## 25. Proxecto

**“7ª Aula itinerante dos Contos Solidarios 2006-2007”**

- **CÓDIGO CRS** 99821 Educación en valores
- **ENTIDADE:** Bicis pola paz
- **ORZAMENTO TOTAL:** 19.800 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 8.900 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **PÚBLICO OBXECTIVO:** Directamente, 80 centros escolares de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato do medio rural galego. Aproximadamente 15.000 estudantes e 1.000 membros do profesorado

## Consolidación e fortalecemento dos axentes de cooperación

### 1.- Proxecto

**Actividades de fortalecemento de ONGD**

- **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio ás ONGD nacionais
- **ENTIDADE:** Coordinadora Galega de ONGD
- **INSTRUMENTO:** Cooperación directa - convenio
- **ORZAMENTO TOTAL:** 47.115 €
- **CARÁCTER:** Anual
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** As ONGD integradas e non integradas na coordinadora e a sociedade galega

### 2. Proxecto

**Centro de Recursos Kandaharia en Lugo**

- **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio ás ONGD nacionais
- **ENTIDADE:** A Cova da Terra
- **MEMBROS DA AGRUPACIÓN:** Bicis pola Paz / Axunica
- **ORZAMENTO TOTAL:** 49.166,60 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 37.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual





- **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:** Consolidación e fortalecemento da actividade de cooperación e sensibilización das ONG participantes no consorcio a través do Centro de Recursos Kandaharia

### 3. Proxecto

#### Consolidación de Amigos da Terra a través da planificación estratéxica

- **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio a las ONGD nacionais
- **ENTIDADE:** Amigos da Terra
- **ORZAMENTO TOTAL:** 31,400.00 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 19.051 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:** Fortalecer e consolidar Amigos da Terra, a través dunha planificación estratéxica

### 4. Proxecto

#### Construír Amarante para fortalecer o modelo galego de solidariedade

- **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio a las ONGD nacionais
- **ENTIDADE:** Asociación Amarante para o Eco desenvolvemento

- **ORZAMENTO TOTAL:** 30.954,32 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 24.929 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:**

Fortalecer Amarante cuantitativamente pero sobre todo cualitativamente mellorando a valoración dos seus programas e proxectos, actuando isto como factor de consolidación dun polo galego de solidariedade que permita a construción dun modelo de solidariedade vertebrado e elaborado desde Galicia

### 5. Proxecto

#### Fortalecemento e formación estratéxica IND

- **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio ás ONGD nacionais
- **ENTIDADE:** Implicadas no desenvolvemento
- **ORZAMENTO TOTAL:** 28.600 €
- **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 25.000 €
- **CARÁCTER:** Plurianual
- **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:**

Aumentar a base asociativa e de voluntariado e asegurar a integración e formación de ambas con vistas a un aumento da capacidade de incidencia



política e mobilización social da organización na procura dunha auténtica solidariedade galega

## 6. proxecto

**Fortalecemento das opcións solidarias Rogas e Interred mediante un proceso de afianzamento interno e proxección social en perspectiva de xénero**

■ **CÓDIGO CRS:**

92010 Apoio ás ONGD nacionais

■ **ENTIDADE:** Asociación Voluntariado Social Rogas

■ **MEMBROS DA AGRUPACIÓN:** Rogas e InteRed

■ **ORZAMENTO TOTAL:** 22.067,70 €

■ **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 19.860 €

■ **CARÁCTER:** Plurianual

■ **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:**

Afianzamento e fortalecemento das alternativas solidarias de Interred e Rogas

## 7. proxecto

**Fortalecemento do departamento de comercio xusto: formación, introdución en empresas e institucións e informatización. Plan estratéxico 2006-2010**

■ **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio ás ONGD nacionais

■ **ENTIDADE:**

Asociación Solidariedade Internacional de Galicia

■ **ORZAMENTO TOTAL:** 49.232 €

■ **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 24.995 €

■ **CARÁCTER:** Plurianual

■ **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:**

Dotar a Solidariedade Internacional de Galicia dunha maior profesionalización a través da formación e da introdución de novos programas informáticos de xestión e da redacción dun plan estratéxico 2006-2010; impulso do comercio xusto en empresas e institucións públicas galegas

## 8. proxecto

**Fortalecemento institucional de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia**

■ **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio a las ONGD nacionais

■ **ENTIDADE:** Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

■ **ORZAMENTO TOTAL:** 19.526 €

■ **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:** 16.597 €

■ **CARÁCTER:** Plurianual

■ **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:**

Acadar a situación óptima para a implantación dos resultados da planificación estratéxica, de modo que sexa posible acadar os seus obxectivos

## 9. proxecto

**Programa de fortalecemento da ONGD Ecos do Sur: adaptación á LOPD**

■ **CÓDIGO CRS:** 92010 Apoio a las ONGD nacionais

■ **ENTIDADE:** ONGD Ecos do Sur

■ **ORZAMENTO TOTAL:** 21.230,71 €

■ **SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA:**

12.984 €

■ **CARÁCTER:** Plurianual

■ **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO:** Fortalecer e manter a ONGD Ecos do Sur, a través da adaptación á Lei orgánica de protección de datos, para poder continuar co labor que se está a levar a cabo na cooperación ao desenvolvemento, e na integración social e laboral dos inmigrantes que chegan a Galicia



## 05: Outras actividades

### **Comisión de asesoramento para os proxectos de cooperación para o desenvolvemento en materia pesqueira**

O persoal técnico da Dirección Xeral participou nun encontro en Antigua (Guatemala) cos membros das Oficinas Técnicas de Cooperación da AEI no Salvador, Guatemala, Nicaragua e Honduras para avaliar as actuacións levadas a cabo ata o momento e comezar cos traballos de coordinación.

Galicia coordinará os proxectos de cooperación ao desenvolvemento en materia pesqueira da Axencia Española de Cooperación Internacional (AEI) en Centroamérica. O Plan de Apoio ao sector da pesca e a acuicultura ten como finalidade a loita contra a pobreza, fomentando, dende unha visión rexional, unha explotación sostible dos recursos naturais que sirva como unha achega ao desenvolvemento das poboacións que teñen a pesca e a acuicultura como medio de subsistencia. Está organizado en catro liñas de actuación: o desenvolvemento normativo e o for-





talecemento institucional dos países centroamericanos, a protección do medio ambiente e investigación necesaria neste apartado, a comercialización dos produtos pesqueiros e marisqueiros e a capacitación e organización do sector.

### **Participación en Bolivia na acta da comisión mixta hispano-boliviana de cooperación**

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta foi o único departamento dunha Administración autonómica que asistiu ao acto, copresidido polo xefe do Executivo boliviano e a vicepresidenta primeira do Goberno español. O acordo asinado recolle as accións de colaboración e axuda ao desenvolvemento que España e Bolivia levarán a cabo nos eidos científico, educativo, cultural e técnico. Establécese unha achega de 60 millóns de € en 2006, o que converte a Bolivia no primeiro receptor de axuda oficial ao desenvolvemento en Latinoamérica e Caribe.

Este acordo, asinado pola secretaria de Estado de Cooperación do Executivo central, Leire Pajín, e o ministro de Planificación do Desenvolvemento de Bolivia, Carlos Villegas, fixa as accións de colaboración e axuda ao desenvolvemento que se realizarán entre os dous países durante o período 2006-2010.

Ambas as delegacións acordaron definir os sectores de intervención arredor de dous grandes obxectivos estratéxicos: a redución da pobreza a través da ampliación da cobertura das necesidades sociais básicas e mediante a creación de crecemento económico sostible, e a consolidación e profundización democrática, loitando contra a exclusión no proceso de participación social e de toma de decisións no que se atopa unha ampla porcentaxe da poboación boliviana.

### **Participación na Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento**

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior participou en Madrid en tres xuntanzas da Comisión Interterritorial de

Cooperación para o Desenvolvemento, presidida polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Miguel Ángel Moratinos, na que se aprobou, por unanimidade, o proxecto do Real Decreto polo que se establece o Estatuto do Cooperante.

Este documento, contemplado na Lei de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, establece un marco normativo para regular os aspectos esenciais do labor dos cooperantes.

Co Estatuto do Cooperante preténdese apoiar o traballo destes dende as Administracións. Este traballo realízase, frecuentemente, en lugares e condicións de notable dureza que poden supor situacións de risco para a súa saúde e a súa integridade física.

Non pode esquecerse que o labor dos cooperantes contribúe a difundir no exterior un dos aspectos máis positivos da proxección internacional da sociedade civil, as ordes relixiosas e as institucións públicas españolas: "a solidariedade internacional".

Así mesmo, nel deféndese que o traballo dos cooperantes é un "elemento estratéxico" á hora de avanzar cara a "unha cooperación de calidade", relacionando a "calidade" e "eficacia" da cooperación internacional coa "dignificación das condicións nas que desenvolven o seu traballo".

### Participación no Consello de Comunidades Galegas

Coa participación da DXCE no VIII Consello de Comunidades Galegas, analizouse cos representantes dos centros galegos de Latinoamérica as estratexias de colaboración para os vindeiros anos.

Mantívose un encontro con representantes dos colectivos de emigrantes en Uruguai, Venezuela e Arxentina cos que se está a desenvolver o Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009 que inclúe a outros 17 países. A

xuntanza, á que tamén asistiu o secretario xeral de Emigración, tiña por obxecto avanzar no fortalecemento da capacidade dos centros e comunidades galegas nestes países e asegurar e concretar a realización conxunta de accións de cooperación internacional. Os proxectos de cooperación ao desenvolvemento que se levarán a cabo en Arxentina, Uruguai e Venezuela coordinaranse tamén coa Secretaría Xeral de Emigración.

Entre os acordos acadados na xuntanza atópase a contratación dun técnico de cooperación en cada país. Este identificará e formulará iniciativas de cooperación e encargarse de seguir os proxectos presentados non só polos propios centros senón por calquera outro axente de cooperación galega. Por último, será o responsable



da formación de persoal propio das comunidades galegas nas áreas citadas para asegurar a sustentabilidade das accións de cooperación.

### Curso de especialización sobre “Cooperación Internacional ao Desenvolvemento e Xestión de Organizacións non Governamentais” e Programa de Estadías no Exterior

**Poboación beneficiaria:** licenciados e diplomados universitarios, directivos e técnicos de institucións públicas e privadas de cooperación ao desenvolvemento. De maneira indirecta, as organizacións, persoal e poboacións dos proxectos receptores dos estudantes.

### Apoio ao alumnado do Máster de Cooperación Internacional no curso académico 05/06

Como parte do apoio ao Máster na devandita especialización, dende a DXCE financiáronse oito estadías de tres meses no exterior para o alumnado do Máster de Cooperación Internacional, da Universidade de Santiago de Compostela. Estas bolsas permitiron aos estudantes do Máster de Cooperación Internacional participar en proxectos de cooperación ao desenvolvemento que se están a financiar dende a Xunta de Galicia en Perú, Bolivia e Ecuador.

As estadías son resultado dun convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago, de xeito que os beneficiarios teñan cubertos os gastos





de desprazamento, alimentación e aloxamento no lugar de destino. Ambas as institucións recoñecen así a necesidade de implicarse dun xeito activo nas tarefas de sensibilización, formación e voluntariado en materia de cooperación.

En Perú, participaron na provincia de Cutervo nun proxecto onde a Escola Campesiña de Educación e Saúde (ESCAES) está a mellorar as condicións de saúde e salubridade das familias rurais. Nesta zona, está situada a microconca do Yatún, beneficiaria do proxecto “Comunidades saudables e conservación do medio ambiente” financiado pola Xunta de Galicia.

Entre as actividades que se levan a cabo destaca a verificación da instalación das denominadas “cociñas melloradas”. Con este proxecto preténdese substituír as cociñas tradicionais desta zona, que debido ás súas condicións causaban importantes problemas de saúde nas mulleres,

tales como glaucoma debido ao fume que se acumulaba no seu interior ao non contar con ningún tipo de sistema de extracción de fumes, ou artrose ao ter que cociñar en posicións pouco axeitadas.

En Bolivia, o obxectivo da bolsa alí desprazada foi participar na cidade de Potosí no Proxecto de Rehabilitación de Áreas Históricas e Patrimoniais (PRAPH). Mediante este proxecto preténdese reutilizar os espazos históricos de Potosí para os seus habitantes.

Ecuador é o terceiro destino para os xoves cooperantes galegos. Na provincia de Manabí participaron en tarefas encadradas dentro dos máis diversos ámbitos, tanto colaborando coa dirección de Producción e Medio Ambiente como coa Asociación de Xuntas Parroquiais, de xeito que estas comunidades se poidan dotar de ferramentas de xestión e capacidades para a loita contra a pobreza e a desigualdade.

## Colaborouse coa I Convocatoria de Investigación en Cooperación para o Desenvolvemento impulsada dende a Universidade da Coruña a través da súa oficina de voluntariado

Coa creación desta convocatoria de axudas á investigación en cooperación, única nas tres universidades galegas, atopamos un punto de partida para “mellorar a calidade na cooperación ao desenvolvemento”.

A través desta convocatoria de axudas a proxectos de investigación en cooperación ao desenvolvemento, que conta co apoio económico da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, a Universidade da Coruña (UDC) pretende promover o estudo de temas que sexan de interese e de utilidade para o labor de organismos e profesionais que traballan nestes eidos. Deste xeito, preténdese articular o mundo universitario como un espazo para a formación, xeración e difusión do coñecemento arredor da cooperación ao desenvolvemento.

Esta iniciativa da UDC enmárcase dentro da creación do Fondo 0'7% co se pretende consolidar o compromiso solidario, impulsando actuacións investigadoras e de promoción da formación de cidadáns conscientes das desigualdades.

### Bolsas nas OTC e na DXCE

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior financiou neste ano a convocatoria de oito bolsas de formación de expertos e expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.

Con esta medida preténdese apoiar a formación en cooperación internacional, complementando a formación académica dos titulados universitarios con estadias na Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia -en Santiago de Compostela- e nos proxectos que, co apoio do Goberno galego, se executen nos países prioritarios da cooperación galega, e



nas Oficinas Técnicas de Cooperación (OTC) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), actualmente en Bolivia, Nicaragua, Perú e Guatemala.

### Día do Cooperante

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior participou nos actos realizados no Día do Cooperante, organizado pola Administración autonómica para sumarse á celebración establecida o pasado mes de abril polo Goberno central coa finalidade de “facer obxecto de recoñecemento público aos profesionais que traballan na cooperación para o desenvolvemento e que loitan todos os días por construír un mundo máis humano”.

Neste acto tamén participaron a Directora Xeral para Iberoamérica da Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), Aurora Díaz-Rato, e tres cooperantes

galegos que compartiron as súas experiencias neste eido cos asistentes ao encontro.

Neste acto subliñouse a importancia da figura do cooperante “á hora de promover a educación, a saúde e os accesos aos servizos básicos para as poboacións excluídas” destacando o “esforzo desinteresado e a loita tenaz contra a pobreza e a fame que padece a maioría da humanidade”.

Neste sentido, apuntouse a importancia “estratéxica” deste colectivo, integrado por máis de mil cincocentos homes e mulleres en todo o Estado, dos que 48 son galegos.

### **Seminario Internacional de Mulleres da Vía Campesina**

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior participou na inauguración do Congreso Mundial das Mulleres de Vía Campesina, “Labregas sementando a igualdade”, organizado polo Sindicato Labrego Galego, a Coordinadora Labrega Europea e maila organización A Vía Campesina,

coa colaboración da Administración autonómica e a Deputación da Coruña.

Este congreso desenvolveuse en Santiago e reuniu a máis de cen mulleres procedentes de Honduras, México, Nicaragua, República Dominicana, Brasil, Bolivia, Vietnam, Corea, India, EE.UU., Suecia, Noruega, Austria, Francia e Holanda, ademais das orixinarias de Galicia e España.

Destacouse a importancia e o papel clave das mulleres na “economía e na xestión dos recursos, na resolución de conflitos, na capacidade asociativa, na educación, na cultura e na saúde”.

### **Euroescola 2006**

Co concurso Euroescola 2006, no que participaron un total de 66 centros de ensino secundario da nosa comunidade e preto de 1.000 en todo o Estado, a Xunta de Galicia está a apostar pola sensibilización das mozas e mozos galegos de cara ás políticas exteriores e de axuda ao desenvolvemento. Este certame promovido pola



Comisión Europea é un xogo interactivo que consiste na resolución dunha serie de probas de coñecemento e habilidade relativas á Unión Europea, a política exterior e a axuda ao desenvolvemento por parte de equipos formados por 10 estudantes de entre 13 e 18 anos liderados por un profesor.

Euroescola 2006 contou co apoio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e da Fundación Galicia Europa.

As institucións europeas e españolas promotoras do concurso premiaron aos gañadores (un por comunidade) coa asistencia ao Parlamento Europeo de Estrasburgo e cunha bolsa de viaxe de 600 €. En Galicia este premio recaeu no IES Perdouro de Burela. Ademais, a Xunta de Galicia decidiu conceder accesits aos cinco colexios finalistas na Comunidade Autónoma. Deste xeito, concedeuse unha estadia en Santiago de Compostela para todos eles -a través da Dirección Xeral Xuventude e Solidariedade-, un lote educativo e informativo para os centros escolares e unha cesta de produtos de Comercio Xusto a todos os membros dos cinco equipos finalistas -por parte da Dirección Xeral de Cooperación Exterior e a Fundación Galicia Europa-.

### Creación da páxina Web

A web [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org) da Xunta de Galicia foi creada coa vontade de converterse no portal do mundo da cooperación en Galicia e servir de ferramenta para que todos os axentes da cooperación que realizan accións a prol do desenvolvemento atopen os recursos, a información e os enlaces que poidan resultar do seu interese. Ao mesmo tempo, ten vontade de achegar ao público en xeral toda a información sobre esta actividade, contribuíndo á súa difusión e á sensibilización social en torno á problemática do subdesenvolvemento e as súas causas.

Está organizada en 9 apartados que conteñen información sobre a xestión da Dirección Xeral de Cooperación Exterior (estrutura, directorio, documentos, convocatorias de axudas públicas, proxectos, noticias, axenda) e do sector solidario tanto en Galicia como no contexto español e mundial (lexislación básica da cooperación, documentos, taboleiro de anuncios, enlaces de interese a outras web, publicacións, formación, etc.)

### Servizo de Información á Cooperación (SIC)

O Servizo de Información á Cooperación (SIC) é unha ferramenta informática que recolle o conxunto dos investimentos públicos e privados e as características das accións solidarias desenvolvidas o ano pasado en Galicia. Trátase da primeira iniciativa deste tipo que se leva a cabo no Estado Español e está dispoñible para a consulta pública na web da Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta en [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org).

Este novo servizo permitirá coñecer o verdadeiro impacto das accións do sector da cooperación en Galicia, contribuíndo a identificar as tendencias e os posibles erros para mellorar as planificacións para o futuro. Así mesmo, a partir deste conxunto de datos é posible por primeira vez, unha avaliación cualitativa e cuantitativa da cooperación galega na súa integridade, e non só das accións da Administración autonómica.

Preténdese tamén prestar apoio ao sector da cooperación en Galicia, poñendo á súa disposición unha ferramenta que permite coñecer o volume e as actuacións que se están a desenvolver dende a nosa comunidade autónoma.

O SIC permite realizar buscas a partir de características das entidades realizadoras e dos proxectos. Nas posibilidades figuran clasificacións por datas, autor e financiador do proxecto, así como a clasificación das actuacións por áreas xeográficas, países, prioridades de actuación transversais e prioridades sectoriais.





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Dirección Xeral de Cooperación Exterior



cooperacióngalega